

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.P.I. PLURILINGÜE “FONTE DÍAZ”

CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 12 de maio de 2020

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
TERCEIRA AVALIAICÓN	
Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	<p>Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacóns.</p> <p>Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.</p> <p>Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.</p> <p>Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.</p>
Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	<p>Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.</p> <p>Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.</p>
Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.
Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desem- prego, analizar as relacóns entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	<p>Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercuśóns económicas e sociais.</p> <p>Explica o funcionamento dos tipos de xuro e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.</p> <p>Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.</p>
Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacóns entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	<p>Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercuśóns económicas e sociais.</p> <p>Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.</p>

Valorar opcións de políticas macroeconómicas para fazer fronte ao desemprego.	Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercuísons económicas e sociais. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.
	Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Durante o 3º trimestre avaliarase exclusivamente o traballo individual.</p> <p>Instrumentos: Os exames e demais actividades realizados durante os dous primeiros trimestres, e as actividades realizadas no caderno de clase ou dende a casa no terceiro.</p> <p>Para a avaliação das actividades non presenciais enviadas dende a casa no 3º trimestre terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A entrega puntual das tarefas propostas. - A claridade na expresión escrita. - A capacidade de interpretación, naquelas preguntas que o requirian. - Os coñecementos demostrados.
Cualificación final	<p>Como todas as alumnas aprobaron as dúas primeiras avaliações a nota final será a media de ambas. Esta nota poderá incrementarse ata 2 puntos coas tarefas e traballos a realizar dende a casa no 3º trimestre. En todo caso a nota final nunca será inferior a media das dúas primeiras avaliações.</p> <p>Cando a nota media resultante conteña fraccións superiores ao medio punto, a nota definitiva será a do tramo inmediatamente superior (por exemplo, $5,7 = 6$). A mesma norma rexerá cando a fracción sexa medio punto xusto.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Como todas as alumnas teñen o curso aprobado non procede facer esta proba extraordinaria.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>NON HAI ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE.</p>

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades, tarefas e traballos que se realizarán durante o 3º trimestre serán de repaso, reforzo, recuperación e ampliación e todas contarán para a cualificación final.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tendo en conta que todo o traballo se debe realizar a distancia e que non todo o alumnado conta coas mesmas facilidades de conexión, optamos por empregar de xeito preferente o correo electrónico como canle principal de comunicación para o envío de tareas, as cales tamén se poderán seguir a través da aula virtual. Estas tareas serán propostas semanalmente e realizaranse preferentemente no caderno de clase, e as alumnas enviarán tamén cada semana o resultado do seu traballo. Ao remate de cada tema realizarase unha actividade final do mesmo que deberá ser remitida ao profesor no prazo máximo de 24h.
Materiais e recursos	Seguiranse o libro de texto como material principal; o caderno de clase; e recursos de internet.

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado emplegará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obligatoria na páxina web do centro.